



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Av.Fontiñas 180, Ent.27002 Lugo

Tfnos: 982240299

Correo: adegalugo@adega.info

Páxina electrónica: www.adega.info

A O MINISTERIO FISCAL

D. **Froilán Pallín Seco** con DNI XXXXXXXXX-X e con domicilio, a efectos de notificación, na

Ronda das Fontiñas, 180 Entrechán

27002 LUGO

Correo electrónico: xxxxxx

actuando en representación da **Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza** (ADEGA, dende o seu cargo de Secretario Xeral, por medio do presente escrito comparezo ante ese Ministerio fiscal para, como mellor proceda en dereito, presentar escrito de **DENUNCIA** contra do titular da **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS** por se os feitos que a continuación expoñemos fosen constitutivos dalgún delito contra o Territorio, contra da Facenda Pública e/ou contra da Administración Pública.

FEITOS

Un.- Promovido dende a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do pasado 26 de Maio ven de aprobar, -polo que se recolle na habitual nota de prensa oficial posterior ás reunións do Consello-, o chamado **PLAN SECTORIAL PARA A MILLORA E AMPLIACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS BÁSICAS DE SANEAMENTO, ABASTECIMENTO E REDE VIARIA NO CONCELLO DE BARREIROS**, o cal ven a supoñer unha recalificación encuberta do solo a favor de promotores e entidades de crédito en detrimento claro dos intereses da Administración e da Facenda Pública públicas e en contra de toda disposición legal.

ANTECEDENTES

Primeiro.- Sobre o sorprendente crecemento das licenzas outorgados polo concello de Barreiros durante o 2006

Dende Xaneiro do ano 2006 ata Febreiro do 2007, en que no Diario Oficial de Galicia de 12/02/2007 se publica o Decreto 15/2007, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Barreiros e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, o Concello de Barreiros, -segundo datos do propio PLAN SECTORIAL antes citado-, outorgou licenzas de construción para un total de 3513 novas vivendas que, a xulgar polos datos de evolución da poboación aportados na memoria do Plan, nada tiñan que ver coa evolución demográfica dun concello que dende os anos 80 ven experimentando unha perda continua de poboación, -pasando dos 4113 habitantes no ano 1981 a unha poboación no ano 2009 de 3244 habitantes, cun moi acelerado decrecemento ata o ano 2000 e que só parece estabilizarse a partir dos anos 2004-2005.

Segundo: Sobre a inadaptación das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Barreiros á legalidade vixente:

Este máis que sorprendente e espectacular desenvolvemento urbanístico no concello de Barreiros faise ao amparo dunhas Normas Subsidiarias de Planeamento que veñen do ano 1994 (aprobadas definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo de Lugo o 28 de Outubro do 1994) e sen para nada ter en conta o disposto na Lei 9/2002, de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia, en relación, en primeiro lugar, á vixencia e validez de tais Normas Subsidiarias e en relación, en segundo lugar, ao que dispón a Lei 9/2002 a respecto da clasificación do solo e das cesións urbanísticas que o promotor está obrigado a facer para dotación dos correspondentes servizos públicos.

a) En relación á validez das Normas Subsidiarias de Planeamento do concello de Barreiros:

A disposición transitorio primeira da citada Lei 9/2002 dispón con claridade que

“b) ao solo urbano dos municipios con planeamento xeral non-adaptado á Lei 1/1997, do solo de Galicia, que reúna as condicións establecidas no artigo 12.a) desta lei, aplicaráselle o disposto nesta para o solo urbano consolidado, sen prexuízo de respecta-la ordenación establecida no planeamento vixente.

*“c) Ao resto do solo urbano e, en todo caso, ao incluído en polígonos, unidades de execución ou de actuación dos municipios con planeamento non adaptado á Lei 1/1997, do solo de Galicia, **aplicaráselles o disposto por esta lei para o solo urbano non-consolidado e***

po-derá executarse de acordo coa ordenación establecida polo planeamento vixente no prazo de tres anos a partir da entrada en vigor da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Transcorrido este prazo sen que fose aprobado definitivamente o instrumento de equidistribución, serán de aplicación os límites de edificabilidade establecidos por esta lei para o solo urbano non-consolidado, sendo o ámbito de referencia para a aplicación desta limitación o polígono ou unidade de execución ou de actuación.

“No caso de que os terreos non estean incluídos en polígonos e merezan a condición de solo urbano non-consolidado segundo esta lei, deberá procederse á delimitación do polígono segundo o procedemento establecido polo artigo 117.

b) En relación á calificación do solo urbano:

En relación ao solo urbano, o artigo 12 da Lei 9/2002 obriga aos plans xerais dos Concellos a distinguir entre solo urbano consolidado e non consolidado:

*“**a) Solo urbano consolidado**, integrado polos **soares** así como polas parcelas que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo planeamento urbanístico, poidan adquirir a condición de soar mediante obras accesorias e de escasa entidade que poden executarse simultaneamente coas de edificación ou construción.*

*“**b) Solo urbano non-consolidado**, integrado pola restante superficie de solo urbano e, en todo caso, polos terreos nos que sexan necesarios procesos de urbanización, reforma interior, renovación urbana ou obtención de dotacións urbanísticas con distribución equitativa de beneficios e cargas, por aqueles sobre os que o planeamento urbanístico prevexa unha ordenación substancialmente diferente da realmente existente, así como polas áreas de recente urbanización xurdida á marxe do planeamento.*

A respecto da categoría de soar dispón o artigo 16 da Lei 9/2002:

*“**1. Terán a condición de soar** as superficies de solo urbano legalmente divididas e aptas para a edificación que, en todo caso, contén con acceso por vía pública pavimentada e servizos urbanos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas residuais á rede de saneamento, subministración de enerxía eléctrica, iluminación pública, en condicións de caudal e potencia adecuadas para os usos permitidos. Se existira planeamento, ademais do anterior deberán estar urbanizadas de acordo coas aliñacións, rasantes e normas técnicas establecidas por este.*

“2. Os terreos incluídos no solo urbano non-consolidado e no solo urbanizable só poderán alcanza-la condición de soar despois de executadas, conforme o planeamento urbanístico, as obras de urbanización esixibles para a conexión cos sistemas xerais existentes e, se é o caso, para a ampliación ou reforzo destes.

A respecto da categoría de solo urbano, o artigo 11 da Lei 9/2002, na súa redacción vixente ata a publicación no DOG de 31/03/2010 da Lei 2/2010, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, dispón que terán a categoría de solo urbano “os terreos integrados na malla urbana existente sempre que reúnan algún dos seguintes requisitos:

“a) Que contén con acceso rodado público e cos servizos de abastecemento de auga, evacuación de augas residuais e subministración de enerxía eléctrica, proporcionados mediante as correspondentes redes públicas con características adecuadas para servir á edificación existente e á permitida polo planeamento.

“Para estes efectos, os servizos para a conexión dun sector de solo urbanizable, as vías perimetrais dos núcleos urbanos, as vías de comunicación entre núcleos, as estradas e vías de concentración parcelaria non servirán de soporte para a clasificación como urbanos dos terreos adxacentes, “agás que estean integrados na malla urbana.

“Que aínda carecendo dalgúns dos servizos citados no apartado anterior, estean en áreas ocupadas pola edificación, como mínimo, nas dúas terceiras partes dos espazos aptos para ela, segundo a ordenación que o Plan xeral estableza”.

Terceiro: Sobre as obrigas dos promotores en solo urbano non consolidado e o quebranto económico e para a Administración e para os veciños derivados da ilegal calificación do solo urbano non-consolidado

Esta irregular inclusión na categoría de solo **urbano consolidado** dun solo que, polas súas características, non podía pasar da categoría de solo **urbano non consolidado** non só ten dado lugar a unha manifesta ilegalidade urbanística que a Administración está obrigada a corrixir, senón que ademais, -como ben sinala o xa citado Decreto 15/2007-, está a privar á administración local e á cidadanía en xeral dos beneficios (en forma de plusvalías e de cesión do solo) que, segundo o previsto na lei 9/2002, se terían derivado do proceso de urbanización. Así o explica precisamente o citado Decreto 15/2007:

“Como consecuencia da falta de consideración como solo urbano non consolidado dos ámbitos a que se refire o parágrafo anterior, estase privando os cidadáns do seu dereito a un medio urbano de calidade que cumpra os límites de sustentabilidade e ás reservas mínimas de solo para dotacións públicas e para vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública, de conformidade co establecido na Lei 9/2002.

Especialmente grave resulta este feito se se ten en consideración que o planeamento vixente prevé índices de edificabilidade en solo urbano (1,50 m²/m²) que exceden con moito os límites de sustentabilidade actualmente recollidos no artigo 46.2º d) da Lei 9/2002 (0,50 m²/m²).

“Así mesmo, como consecuencia da falta de consideración como solo urbano non consolidado dos ámbitos que reúnen os requisitos do artigo 12 b) da Lei 9/2002, estanse a incumprir principios básicos do Estatuto da propiedade, como son o da equidistribución e o da recuperación pola Administración das plusvalías xeradas pola acción urbanística, co conseguinte incumprimento dos deberes básicos dos propietarios de solo urbano establecidos tanto na Lei 6/1998 coma na Lei 9/2002; feito este que se ve agravado polo incumprimento polo de agora do Concello de Barreiros do contido da disposición transitoria primeira, número 1, letra c) da Lei 9/2002, que obriga a que cando os terreos non estean incluídos en polígonos e merezan a condición de solo urbano, o concello proceda á delimitación do polígono segundo o procedemento establecido polo artigo 117.

En relación con esta privación de beneficios que se destacan no Decreto 15/2007, a Lei 9/2002, no seu artigo 20, ao referirse aos deberes dos propietarios en solo urbano non consolidado, dispón con evidente claridade:

1. En solo urbano non-consolidado, os propietarios teñen os seguintes deberes:

a) Cederlle obrigatoria e gratuitamente á Administración municipal todo o solo necesario para os viais, espazos libres, zonas verdes e dotacións públicas de carácter local ó servizo predominantemente do polígono no que os seus terreos resulten incluídos.

b) Ceder obrigatoria, gratuitamente e sen cargas o solo necesario para a execución dos sistemas xerais que o plan xeral inclúa ou adscriba ó polígono no que estean comprendidos os terreos, así como executa-la urbanización unicamente dos incluídos no polígono nas condicións que determine o plan.

c) Ceder obrigatoria, gratuitamente e sen cargas o solo correspondente ó aproveitamento urbanístico do concello, por exceder do susceptible de apropiación privada, nos termos establecidos polo apartado b) do artigo 18 desta lei. (segundo este artigo o aproveitamento privado non poderá exceder do 90% da superficie da parcela)

A administración actuante non terá que contribuír ós custos de urbanización dos terreos nos que se localice este aproveitamento, que deberán ser asumidos polos propietarios.

d) Proceder á distribución equitativa dos beneficios e cargas do planeamento con anterioridade ó inicio da execución material deste.

e) Custear e, se é o caso, executar ou completa-las obras de urbanización do polígono, así como as conexións cos sistemas xerais existentes, nos prazos establecidos polo planeamento.

f) Edifica-los soares no prazo que, se é o caso, estableza o planeamento.

2. Non poderá ser edificado terreo ningún que non reúna a condición de soar, agás que se asegure a execución simultánea da urbanización e da edificación mediante aval que deberá alcanza-lo custo estimado das obras de urbanización e as demais garantías que se determinen regulamentariamente.

Cuarto: Sobre a ilegalidade das licenzas otorgadas en solo urbano non-consolidado:

A mesma tramitación e aprobación deste **PLAN SECTORIAL PARA A MILLORA E AM-PLIACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS BÁSICAS DE SANEAMENTO, ABASTECIMIENTO E REDE VIARIA NO CONCELLO DE BARREIROS**, ao constatar as carencias da rede viaria e dos servizos públicos de abastecemento de auga potable e de saneamento, **ven a probar que**, por parte do concello de Barreiros, -incumprindo plenamente a lexislación urbanística vixente-, se teñen outorgado licenzas de edificación sobre un solo que, de ningunha maneira, podía nin pode ter a categoría de **solo urbano consolidado por canto a súa rede viaria pública e os servizos públicos de abastecemento de auga e de evacuación de augas residuais non reunían as características adecuadas para servir á edificación existente e á permitida polo planeamento.**

Foi, precisamente, este grave incumprimento da lexislación urbanística vixente o que levou á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes. -competente en materia de Urbanismo-, a, -en aplicación **inescusable** da lexislación vixente-, decretar a suspensión da vixencia do Planeamento municipal de Barreiros a través do Decreto 15/2007, de 1 de Febreiro, aínda en vigor, publicado no DOG do 12 de Febreiro do 2007.

Pola súa parte, tamén a Axencia para a Protección da Legalidade Urbanística, en cumprimento das competencias que lle outorga **e esixe** a Lei 9/2002, ten incoado distintos expedientes de infracción e reposición da legalidade urbanística, véndose incluso obrigada, ante a falla de colaboración da Alcaldía, á presentación de varios contenciosos administrativos ante o tribunais de Xustiza, **algún dos cales ten sido xa fallado a favor das demandas presentadas pola Xunta de Galicia.**

Incluso o mesmo Ministerio Fiscal, á vista das denuncias recibidas, ten presentado denuncia ante o Xulgado de Instrución de Mondoñedo **demandado do mesmo a apertura de dilixencias previas por presuntos delitos de prevaricación urbanística por parte da Arquitecta Municipal e dos compoñentes da Xunta de goberno do concello de Barreiros.**

Quinto: Sobre a ilegalidade da actuación da Consellería ao promover este PLAN

SECTORIAL

Á vista das ilegalidades que se denuncian no citado Decreto 15/2007, de suspensión do planeamento do concello de Barreiros (aínda en vigor); á vista dos contenciosos presentados pola Xunta de Galicia (a través da Axencia para a Protección da Legalidade Urbanística) contra dalgunhas das licenzas de edificación outorgadas polo concello de Barreiros; á vista da denuncia do Ministerio Fiscal contra da actuación da Arquitecta Municipal e da Xunta de goberno municipal do concello de Barreiros por presunto delito de prevaricación urbanística; á vista, en fin, de tan contundentes sospeitas de ilegalidade, **a Administración, tanto local como autonómica, ven obrigada, en virtude do disposto na Lei 9/2002 e no Regulamento de Disciplina Urbanística, a iniciar o correspondente expediente de infracción e, unha vez comprobada a súa ilegalidade, non pode deixar de continuar coa incoación do correspondente expediente de reposición da legalidade urbanística ata a súa resolución final.**

Mais neste caso do concello de Barreiros, en lugar de continuar coa tramitación dos expedientes de infracción e os contenciosos administrativos iniciados pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, a nova Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, -ben ao contrario do disposto na Lei 9/2002 e mais no Real Decreto 28/1999, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo-, **non vai tardar en desmantelar todo o traballo iniciado pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística renunciando a continuar tanto cos expedientes de infracción e de reposición incoados como cos contenciosos-administrativos xa presentados.**

Tampouco vai tardar a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en anunciar a promoción e presentación deste Plan Sectorial coa **finalidade explícita de dotar ás vivendas afectadas duns servizos públicos de saneamento, de abastecemento e de comunicación, dos que, de tratarse de solo urbano consolidado, terían que estar adecuadamente dotadas conforme ao disposto nos artigos 11 e 12.a) da Lei 9/2002.**

En suma, unha actuación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas absolutamente contraria á legalidade vixente por canto constitúe unha

inaceptable deixación de competencias e un verdadeiro desacato ao disposto na Lei 9/2002 en relación a protección da legalidade urbanística, desacato que se incrementa ao promover un Plan Sectorial que pretende levar a cabo unha encuberta (pero innegable) recalificación do solo (sen trámite de participación pública de ningún tipo) que implica un inaceptable trato de favor cara uns promotores aos que, desta forma, por unha parte, se lles permite pasar dun índice de edificabilidade de 0,50 m²/m² do solo urbano non consolidado a outro de 1,50 m²/m² correspondente ao solo urbano consolidado sen que, ademais, por outra parte, tais promotores veñan obrigados nin á cesión do 10% do aproveitamento urbanístico que se esixe nos artigos 20 da Lei 9/2002 e 14.2 da Lei 6/1998, sobre Réxime do solo nin a comple-tar e custear, ao seu cargo, as obras de urbanización e de conexión cos sistemas xerais tal como se dispoñen nos mesmos artigos da Lei 9/2002 e Lei 6/1998 que vimos de citar.

Sexto.- Sobre Convenio de Colaboración entre o Concello de Barreiros, a Deputación Provincial de Lugo e a Xunta de Galicia para o financiamento das obras previstas no Plan Sectorial

Ao mesmo tempo que se anuncia e se tramita este Plan Sectorial, dende a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas promóvese tamén un *“Convenio de Colaboración entre a Consellería, o Organismo Autónomo Augas de Galicia, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Barreiros para a financiación e execución dos proxectos de urbanización, abastecemento e saneamento nos núcleos de San Cosme, San Pedro, San Miguel de Reinante e Reinante”*.

Na parte expositiva deste Convenio de colaboración vense a recoñecer claramente a falta de vixencia das Normas Subsidiarias de planeamento do Concello de Barreiros sinalando que *“nin están adaptadas á vixente lexislación urbanística nin establecen distinción algunha entre as categorías do solo urbano consolidado pola urbanización e o solo urbano que careza de dita consolidación”* (punto primeiro). Así mesmo ven a recoñecer, -ante a insuficiencia *“dos servizos urbanísticos existentes nos núcleos urbanos delimitados polas Normas Subsidiarias, tales como redes de saneamento de augas residuais, rede de abastecemento de auga potable e potencia bastante na subministración eléctrica”* (punto segundo)-, a ilegalidade de moitas das licenzas outorgadas, dando conta das distintas actuacións da Xunta ao respecto, que empezan coa aprobación polo Consello da Xunta do Decreto 15/2007, polo que se sus-pende a vixencia das Normas Subsidiarias de Barreiros e se aproba unha ordenación urbanística provisional e continúa co requirimento pola Xunta de Galicia ao Concello de Barreiros para *“a revisión de oficio dun grande número de licencias de edificación outorgadas a partires do*

ano 2006, requirimentos que, ao non ser atendidos, deron lugar a que entre os anos 2007, 2008 e 2009 se interpuxesen pola Administración Autonómica casi medio cento de recursos contenciosos administrativos” (punto segundo).

Sen cuestionar para nada a legalidade destas actuacións da administración autonómica e mesmo ignorando que hai xa sentenzas fallando a favor da Xunta de Galicia, o texto deste Convenio de colaboración, -despois de declararse preocupado non polo cumprimento da legalidade urbanística, senón polo profundo impacto económico que a suspensión da vixencia das Normas Subsidiarias e as impugnacións na vía contencioso administrativa contra a práctica totalidade das licenzas outorgadas a partires de 2006 ten ocasionado en *“todo o sector da promoción, construción e empresas auxiliares non só do Concello de Barreiros e da súa bisbarra”*-, propón financiar o custo das obras de urbanización, abastecemento e saneamento nos núcleos de San Cosme, San Pedro, San Miguel de Reinante e Reinante con cargo a fondos públicos a aportar pola Xunta de Galicia, a Diputación Provincial de Lugo e Concello de Barreiros, para o cal a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, *“ante a realidade e magnitude da problemática descrita na exposición deste Convenio, dentro dos ámbitos da súa competencia definidos no artigo 1 do Decreto 316/2008, do 4 de Xuño, comprométese a prestar o máximo soporte, técnico e xurídico, ás actuacións obxecto do presente Convenio. A tal fin, comprométese á adopción de medidas de modificación da normativa –reglamentaria **ou con rango formal de Lei** - que, ao novo grao de urbanización que puidesen chegar a adquirir nun futuro inmediato os terreos en cuestión, lle permitan anoar a condición legal de soar, cunhas novas condicións de edificación que contemplan –e amparen- as xa proxectadas”* (estipulación carta do Convenio).

Á vista deste texto resulta evidente cal é o obxectivo do Plan Sectorial e deste Convenio: trátase simplemente de modificar canto faga falla (incluída a normativa regulamentaria ou con rango de Lei) para que *“os terreos en cuestión podan chegar a ter unhas novas condicións de edificación que contemplan e amparen as xa proxectadas”*. **Estamos, en suma, ante un Plan Sectorial, ante un Convenio de colaboración e ante unha actuación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas que non teñen outra finalidade que a legalización de todas as ilegalidades urbanísticas enunciadas no Decreto 15/2007 e que teñen sido impugnadas na vía contencioso-administrativa pola propia Xunta de Galicia.**

Se xa o obxectivo do Plan Sectorial resulta ser manifestamente ilegal, moito máis o ten que ser que tal legalización se poda facer con cargo aos fondos públicos. Conforme ao que se recolle neste Convenio, -xa aprobado tanto pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas como pola Deputación Provincial e o Concello de Barreiros-, o financiamento das obras de urbanización e dos servizos de saneamento e abastecemento de auga potable que,

por disposición da Lei 9/2002 tiña que ter correspondido aos promotores das vivendas, vai a recaer en exclusiva sobre a Administración Pública cun orzamento previsto de 14.180.281,38 Euros (catorce millóns cento oitenta mil douscentos oitenta e un Euros con 38 céntimos) a repartir da seguinte forma:

- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.....2.997.957,94 Euros;
- A Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos.....2.694.558,24 Euros;
- A Deputación Provincial de Lugo.....
.....1.250.000 Euros
- Concello de Barreiros.....7.237.765,20 Euros,

correspondendo, ademais, á Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos facerse cargo das posibles desviacións orzamentarias se as houbese.

Estase, pois, a propoñer que unhas obras e servizos que tiñan que ter sido financiadas polos promotores (artigo 20 da Lei 9/2002) e da que só estes (e as entidades de crédito, -bancos e as caixas de aforros-) resultan ser únicos beneficiados, pois sequera dito Plan pretende resolver idénticas carencias na rede viaria on nos servizos de saneamento e de abastecemento do resto da poboación do Concello de Barreiros.

Instáurase así, -dende este Plan Sectorial e dende o Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros para a financiación das obras previstas no Plan-, un trato de favor cara uns moi concretos intereses de promotores e entidades de crédito que, por canto ten de agravio comparativo fronte a outros promotores e/ou cidadáns obrigados a cumprir coa legalidade, ten que resultar absolutamente contrario a un texto constitucional para o que todas e todos somos iguais ante a Lei.

Séptimo.- Sobre a falla de utilidade pública e a falla de incidencia supramunicipal do proxecto sectorial

Como se ven reiterando nos apartados anteriores, as infraestruturas de saneamento, abas-tecemento de auga e viarias que se queren aprobar a través deste Plan Sectorial, son todas elas actuacións que tiñan que ter sido executadas antes da edificación do solo e sempre á costa do pro-pietario ou promotor, nunca á costa da Administración. *En todo caso, cando se realizaren simulta-neamente, tería que terse depositado un aval a favor da Administración equivalente ao custo estimado das obras de urbanización.*

Porén, con este Plan Sectorial, non só se pasan por alto todas as irregularidades e ilegalidades arriba sinaladas que deron lugar aos déficits de infraestruturas que o Plan pretende resolver, senón que, a través do Convenio subscrito entre o Concello, a Deputación Provincial e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e en contra de todas as disposicións legais arriba citadas, **se traslada a súa financiación, -con un custe estimado de 14.180.281,38 Euros-, ás Administracións Autonómica, Provincial e Local.**

Subsanar todas estas irregularidades é graves incumprimentos da legalidade urbanística é evidente que non está nin pode estar entre os obxectivos da Lei 10/1995 de Ordenación do Territorio e dos Plans Sectoriais nela previstos. Cando, en relación aos Plans Sectoriais, o artigo 22 desta Lei sinala que “

“1. Os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal teñen por obxecto regular a implantación territorial das infraestruturas, dotacións e instalacións de interese público ou utilidade social cando a súa incidencia transcenda do termo municipal no que se localicen, pola súa magnitude, importancia ou especiais características, ou que se asenten sobre varios termos”.

é evidente que non se refire (nen se pode referir) á unha situación coma a que se orixinou no concello de Barreiros por incumprimento da legalidade.

Por outra parte, de que maneira pode alguén xustificar que este Proxecto Sectorial responde a algún dos criterios que o Decreto 80/2000, polo que se regulan os Plans e proxectos de incidencia supramunicipal, manda ter en conta?

- De que maneira poden xustificarse “os efectos positivos que produza para o ambiente, a paisaxe rural e o patrimonio cultural” ou “a contribución ao desenvolvemento sostible social e económico de Galicia”? (Decreto 80/2000. Artigo 4), cando se trata dun modelo de desenvolvemento urbanístico que, tal e como recolle o preámbulo do Decreto 15/2007, de continuar “daría lugar á plasmación dun modelo territorial de urbanización descontrolada do litoral, incompatible coa preservación dos valores naturais e cun desenvolvemento sustentable do territorio” (Decreto 15/2007).

-De que maneira pode xustificarse que pode haber algunha “poboación beneficiaria da infraestructura, dotación ou instalación” (Decreto 80/2000. Artigo 4), que non sexa o negocio dos promotores, cando se ten producido un grave quebranto a Administración Local e ao resto da poboación do Concello que, con este Plan Sectorial, queda privada, entre outras cousas, de zonas verdes, de dotacións ou da cesión de solo para vivenda de promoción pública?

- Que “función vertebradora e estruturante do territorio que leve consigo tal actuación”, (Decreto 80/2000. Artigo 4) se pode alegar cando tal desenvolvemento urbanístico provoca

realmente todo o contrario ao sobrecargar a edificación e a demanda de infraestruturas e servizos nunha zona sensible do litoral que, a maiores, linda con dous valiosos espazos da Rede Natura: ría de Foz e As Catedrais?

-Como xustificar “o asentamento da infraestrutura, dotación ou instalación sobre varios termos municipais” (Decreto 80/2000. Artigo 4), cando tais infraestruturas só se asentan e afectan sobre catro parroquias do concello de Barreiros?.

CONCLUSIÓNS

Estamos ante un Proxecto Sectorial manifestamente contrario á legalidade vixente por canto

- a) Supón unha deixación plena de competencias ao renunciar ao mandato legal de perseguir as infraccións urbanísticas e de reposición da legalidade;
- b) Propón a legalización de ilegalidades urbanísticas denunciadas no Decreto 15/2007 e impugnadas na vía contencioso administrativa polos propios servizos xurídicos da Xunta de Galicia;
- c) Supón claro un desacato e desafío á autoridade xudicial que, nalgunha sentenza, xa ten fallado a favor da Xunta de Galicia confirmando que non pode ser considerado como solo urbano consolidado un solo que, “no momento, de concesión da licenza non está dotado dos servizos urbanísticos esixidos no artigo 16 da LOUGA” (Sentenza 389/2009 do Tribunal Contencioso Administrativo nº 1 de LUGO);
- d) Supón un, en dereito, inaceptable trato de favor cara os intereses duns concretos promotores fronte a outros promotores e cidadáns en xeral obrigados a cumprir coa legalidade vixente no que respecta a índices de edificabilidade, cesión de solo, custes de urbanización, etc;
- e) Supón un grave quebrando ao erario público e unha evidente malversación de fondos públicos ao, por unha parte, renunciar ás cesións de solo que o promotor está por lei obrigado a facer e ao, por outra parte, propoñer financiar con fondos públicos unhas obras de urbanización de dotación de servizos que tiñan que ter sido realizadas e custeadas polos promotores previamente ao outorgamento das licenzas de edificación;
- f) Presupón unha clara desviación e abuso de poder non só ao utilizar fraudulentamente a lexislación de ordenación do territorio para a legalización de todas as ilegalidades urbanísticas denunciadas, senón mesmo ao comprometerse a promover as modificacións legais que fosen necesarias para tal legalización.

Por todo o dito, do Ministerio Fiscal

SOLICITO

Que, en cumprimento das competencias que lle son propias, proceda á investigación e aclaración dos feitos denunciados por se os mesmos puideran ser constitutivos de delito de prevaricación urbanística e contra a Facenda Pública, para que, se así fose, a Xurisdición Penal proceda contra das persoas que resulten responsables dos feitos denunciados.

En Lugo, a 29 de Xuño do 2011

Asdo: Froilán Pallín Seco.

Secretario Xeral de ADEGA